

Clasificación organolóxica *Hornbostel - Sachs*

1. IDIÓFONOS	Instrumentos que producen o son por si mesmos, de materiais duros pero elásticos que vibran. A maioría son de percusión.	
11 Golpeados	Directos e indirectos	Xilófono, maracas
12 Punteados	De marco ou de táboa	<i>Kalimba, guimbarda</i>
13 Fricción	De paus, de placas, de cavidades	Papel de lixa, serra e copas musicais
14 Soprados	Paus soprados, placas sopradas	<i>Aeolsklavier</i>

2. MEMBRANÓFONOS	Neste tipo de instrumentos o son é orixinado pola vibración dunha membrana ou parche, aquí entra todo tipo de tambores, a membrana pode ser de pel ou plástico ou mixta, e pode ser activada por percusión, por fretamento e por corrente de ar.	
21 Percusión	Directos e sacudidos	Timbal, <i>springdrum</i>
22 Punteados	Poderían ser cordófonos	<i>Gopi yantra, khamak</i>
23 Fricción	Frotados	Cuíca, zambomba
24 Soadores, cantadores	Unha membrana vibra	<i>Mirlitóns, kazoo</i>

3. CORDÓFONOS	<p>Na produción do son intervén unha corda, ou varias, vibrando pola súa tensión entre dous puntos fixos e deben estar en non contacto co instrumento para poder vibrar. As cordas poden ser de diversos materiais, dende fibra vexetal, tripa, tendóns, a pelo animal, de metal ou recubertas (<i>entorchado</i>) e actualmente de materiais plásticos. Malia que os instrumentos de corda comunmente se clasifican en tres grupos, de corda fretada, punteada e con teclado, isto non responde á clasificación de HS.</p>	
31 Simples ou cítaras	Con ou sen resoador. Pódense separar as cordas do instrumento sen destruílo	Cítaras, arco musical, salterio, piano, zanfona
32 Compostos	O soporte das cordas e a caixa de resonancia non poden ser separados.	Laúdes, arpas, violíns, guitarras

4. AERÓFONOS	O son é producido pola vibración do ar dentro ou fóra do instrumento, o aire debe entrar en vibración, lógrase establecendo intermitencias no aire.	
41 Libres	Soa o ar arredor do instrumento, non dentro.	<i>Bullroarer, rhombus, harmónica, acordeón, harmonio</i>
42 Vento propiamente		
420 Sopros directos (Laurence Piken en 1975)	Que non son frautas	<i>Óso de albaricoque, xiulet de teulers</i>
421 Frautas de sopros directos	Con ou sen conduto	<i>Kaval, frauta traveseira, frauta de bisel</i>
422 Vento con lingüeta	Dobre, simple e en grupo	Clarinete, saxofón, óboe, gaita e <i>launeddas</i>
422 Vento tipo trompeta	Beizos en vibración. Trompeta natural e trompeta + mecanismos	<i>Caracola, trompeta, trombón</i>

5. ELECTRÓFONOS	<p>En 1940 <i>Sachs</i> ampliou un grupo máis, no seu <i>Historia universal de los Instrumentos Musicales</i>. Foi a categoría máis remodelada no século XX (20), de especial interese é a proposta de <i>Jeremy Montagu</i> en 2011. O son é producido electronicamente ou amplificado para a súa transmisión por altofalantes.</p>	
51 Instrumentos e dispositivos electroacústicos	Soan acusticamente pero son amplificados. <i>Microfonía</i> e PA	Guitarra eléctrica, piano <i>Rhodes</i> , micros, altofalantes
52 Instrumentos e dispositivos electromecánicos	Mecánicos con electrónica	Órgano <i>Hammond</i> , dispositivos de gravación
53 Instrumentos módulos e compoñentes electrónicos analóxicos	Electrónicos analóxicos	Sintetizador analóxico <i>Moog</i> , ondas <i>Martenot</i> , <i>Theremin</i> , <i>Trautonium</i>
54 Instrumentos, módulos e compoñentes dixitais.	Totalmente dixitais	Sintetizadores dixitais (<i>Korg</i> , <i>Kawai</i> , <i>Yamaha</i> , <i>Nord</i> , <i>Roland</i>)
55 Instrumentos, módulos e compoñentes analóxico/dixitais híbridos	Con osciladores analóxicos e efectos dixitais	Sintetizadores ou módulos híbridos (<i>Dreadbox Typhon</i> , <i>Roland JD-XA</i> , <i>Novation Peak</i>)
56 Software	Programas informáticos e de produción sonora	Sintetizadores virtuais, secuenciadores de gravación como <i>Logic</i> , <i>Cubase</i>



Obra derivada (proxecto cREAgal). Táboa Hornbostel Sachs adaptado de Os procesos de mutación e troco na cultura. O pito pastoril na Galicia, de E. Díaz Vázquez (2025), Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, Anexo 1.8, p. 359 (CC BY-SA)